

GALICIA SELECCIONADA PARA PARTICIPAR NA ACCIÓN CONXUNTA EUROPEA DE TRANSFERENCIA DE BOAS PRÁCTICAS EN ATENCIÓN PRIMARIA (CIRCE)

- O proxecto conta cun orzamento de máis de 12 millóns de euros e o conforman organizacións e servizos de saúde de 14 Estados membros.
- A plataforma de teleasistencia domiciliaria TELEA do Servizo Galego de Saúde resultou unha das prácticas seleccionadas pola Comisión Europea.

CONTIDOS RELACIONADOS

Proxectos
europeos

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2022.- O Servizo Galego de Saúde a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria xunto coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) formarán parte do proxecto europeo *Joint Action Transfer of Best Practices in Primary Care (CIRCE)*, destinado á transferencia e implantación de boas prácticas na atención primaria e que conta cun orzamento de máis de 12 millóns de euros.

O proxecto o conforman servizos de saúde, organizacións e entidades afiliadas de 14 estados membros. A súa finalidade é transferir e implantar boas prácticas levadas a cabo na atención primaria de 4 estados membros (Bélxica, España, Portugal e Eslovenia) entre os 12 países participantes restantes.

As boas prácticas obxecto de transferencia foron seleccionadas pola Comisión Europea na convocatoria lanzada en decembro de 2020, na que buscaba recopilar accións levadas a cabo nos servizos de atención primaria. En concreto as seis boas prácticas seleccionadas foron:

1. *Integrated Health Association – Valonia, Bélxica*
2. *TELEA: Home telemonitoring in Primary Care for chronic disease and Covid-19 – Galicia, España*
3. *Integrated care for complex chronic patients in Andalusia (Spain): Personalised care action plans (PAPs) – Andalucía, España*
4. *Essencial Project: Adding value to clinical primary care practice – Cataluña, España*
5. *'Health Action for Children and Youth at Risk' & 'Health Action for Gender, Violence and Lifecyle' – Portugal*
6. *Health Promotion Centres (HPCs) – Eslovenia*

A plataforma de teleasistencia domiciliaria do SERGAS para o seguimento e contacto entre pacientes crónicos e profesionais sanitarios (TELEA), resultou unha das prácticas seleccionadas pola institución europea. Esta plataforma facilita a relación entre os pacientes e os profesionais do SERGAS, permitindo o seguimento do seu estado de saúde dun xeito áxil, eficaz e sen necesidade de desprazamentos. Dende a súa implantación no ano 2015, leva rexistrados máis de 977.000 datos de pacientes. Ademais, constituíu unha ferramenta esencial durante a xestión da pandemia provocada pola COVID-19. A Comisión Europea valorou positivamente os resultados probados da plataforma, o seu impacto no sistema sanitario galego, e a capacidade de adaptación a outros países.

Esta iniciativa europea terá unha duración de 3 anos nos que se levarán a cabo diversas actividades destinadas a fomentar o intercambio de coñecementos, tales como workshops, visitas e desprazamentos de persoal, cursos, programas de formación, etc. Ademais, desenvolveranse actividades piloto que replicarán as boas prácticas para monitorizar a súa posible implantación nos sistemas sanitarios dos socios interesados.

Entre os obxectivos do proxecto CIRCE destacan:

- Transferir e implantar as boas prácticas seleccionadas entre os estados membros participantes
- Apoiar o proceso de transferencia a centros piloto
- Mellorar a capacidade para implantar modelos e prácticas asistenciais na Atención Primaria
- Crear unha comunidade de socios que inclúa expertos en asistencia sanitaria, lexisladores, investigadores e usuarios
- Facilitar o desenvolvemento de plans de acción a nivel local, rexional e nacional para implantar de forma sostible as boas prácticas
- Avaliar a transferencia e proceso de implantación das boas prácticas.

En definitiva, CIRCE constitúe unha ferramenta de traballo transnacional e colaborativo que permitirá transferir boas prácticas levadas a cabo por países europeos no eido da Atención Primaria a os estados participantes, aproveitando a diversidade e os intereses comúns para fortalecer e mellorar a calidade e o funcionamento dos sistemas sanitarios europeos.